

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RELIXIÓN MORAL E CATÓLICA

1º PRIMARIA

CEIP DE CARNOTA
CURSO 2021-2022

Mª Zoila Piñeiro Sendón

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
2. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	5
3. CONCRECIÓN, PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	6
4. OBXECTIVOS POR CURSO.....	12
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	12
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.....	15
7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.....	15
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	18
9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS.....	21
10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	22
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	25
12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	26

1. INTROUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

ADAPTACIÓN Ó PROTOCOLO COVID-19

Dadas as circunstancias actuais dadas pola Covid-19, vémonos na necesidade de facer unhas modificacións na metodoloxía, instrumentod de avaliación, e recursos. Botaremos man de posibles circunstancias que se poidan dar con respecto a modo de impartir as clases (presencial, semi-presencial, on line). Non se planteará o feito dun Plan de recuperación nesta área ó traballar a materia de forma cíclica. Sendo que a planificación do ensino está relacionada coas decisións que o mestre/a debe tomar antes de iniciar o desenvolvemento da mesma, ou o que é igual, con todas aquelas funcións, actividades ou decisións relacionadas co proceso educativo que se deben determinar antes de pór en práctica as distintas actividades cos alumnos/as.

Sendo que a planificación do ensino está relacionada coas decisións que o mestre/a debe tomar antes de iniciar o desenvolvemento da mesma, ou o que é igual, con todas aquelas funcións, actividades ou decisións relacionadas co proceso educativo que se deben determinar antes de pór en práctica as distintas actividades cos alumnos/as.

O ensino da Relixión Católica axudará aos alumnos/as a ampliar os espazos da racionalidade e a adoptar unha actitude de apertura ao sentido relixioso da vida, sexa cal sexa a súa manifestación concreta.

- Análise do contorno.

O CEIP DE CARNOTA está ubicado na capital do concello. O seu principal medio de comunicación é a estrada AC-552, de Fisterra a Santiago. Dista 65 quilómetros da capital da provincia.

A poboación desprázase habitualmente a Cee e Muros onde se atopan os principais servizos, coma o hospital, facenda, xulgado, etc. A poboación está concentrada en diversos núcleos de poboación non moi distanciados.

Tradicionalmente é unha zona dunha forte emigración. Hai pais e nais teñen estudos primarios, algúns ata teñen estudos secundarios e incluso universitarios. Hainos que traballan por conta allea.

As actividades económicas, maioritariamente, están relacionadas con mar e servizos.

O centro está adscrito ao IES “Lamas de Castelo” de Cee.

- Análise do centro educativo.

O noso centro atópase en Dumbría preto da casa do concello.

Instalacións:

-Primeiro andar do edificio do colexio: aula de informática e de medios audiovisuais; sala de mestres; comedor; conserxerías; servizos; aula de música; aula de Audición e Linguaxe; aula para alumnos/as con necesidades educativas especiais; biblioteca ;as tres aulas dos tres cursos de Educación Infantil; as dúas aulas de sexto de Educación Primaria.

-Segundo andar do edificio do colexio: con seis aulas destinadas ós outros cursos de Educación Primaria; aula de Inglés; aula de Orientación.

-Patio cuberto.

-Patio de recreo, con xogos infantís.

-Edificio anexo ou gimnasio.

2. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse dende tódalas áreas de coñecemento.

Potenciarase o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico como é a dimensión *cultural e histórica* presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades recibe do pasado está vertebrado por contidos relixiosos, ademáis da *ético-moral que* fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade, fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo e a *dimensión humanizadora* que faculta o alumno para dar resposta ás súas interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores, xunto ca *epistemolóxica* onde os seus contidos son saberes cunha fundamentación e cunha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

3. CONCRECIÓN, PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Criterio de Avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área (Indicador mínimo de logro)	T1	T2	T3	Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación	C.C
------------------------	------------	---	----	----	----	---	-----

REC-B1.1	1º-RECB1.1.1 - Coñece, respecta e ..coida a obra creada.	Coñece, respecta e coida a obra creada.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, análise de produccions do alumnado, intercambios orais co alumnado.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase, caderno de clase, escalas de observación, posta en común.</p>	CSC, CAA
REC-B1.1	1º-RECB1.1.2 - Expresa con palabras propias o asombro polo que Deus fai.	Expresa admiración polo que Deus fai.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, análise de produccions do alumnado, intercambios orais co alumnado.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase, caderno de clase, escalas de observación, posta en común.</p>	CCL
REC-B1.2	1º-RECB1.2.1 - Identifica e enumera os coidados que recibe na súa vida como don de Deus.	Identifica a súa vida como un don de Deus.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, análise de produccions do alumnado, intercambios orais co alumnado.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase,</p>	CSC

						caderno de clase, escalas de observación, posta en común.	
REC-B1.3	1º-RECB1.3.1 - Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos que o home é capaz de falar con Deus.	Recoñece a capacidade das persoas para falar con Deus.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, análise de produccions do alumnado, intercambios orais co alumnado.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase, caderno de clase, escalas de observación, posta en común.</p>	CCEC, CSC
REC-B1.3	1º-RECB1.3.2 - Memoriza e reproduce fórmulas sinxelas de petición e agradecemento.	Coñece fórmulas sinxelas de petición e agradecemento.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, análise de produccions do alumnado, intercambios orais co alumnado.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase, caderno de clase, escalas de observación, posta en común.</p>	CAA, CCL
REC-B2.1	1º-RECB2.1.1 - Coñece e valora que Deus fala a	Coñece a amizade de Deus con Abraham e Moisés.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, análise de produccions do</p>	CCEC, CSC

	Abraham e Moisés para ser o seu amigo.				alumnado, intercambios orais co alumnado. INSTRUMENTOS: Diario de clase, caderno de clase, escalas de observación, posta en común.	
REC-B2.1	1º-RECB2.1.2 - Sinala e representa as características da amizade de Deus co home: coidado, protección, acompañamento, colaboración, etc.	Recoñece as características da amizade de Deus coas persoas.	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, análise de produccions do alumnado, intercambios orais co alumnado. INSTRUMENTOS: Diario de clase, caderno de clase, escalas de observación, posta en común.	CSC, CCL
REC-B3.1	1º-RECB3.1.1 - Identifica a María e a Xesús como comunidade na que Deus faise presente entre os homes	Recoñece a María e a Xesús como comunidade na que Deus se fai presente.		X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, análise de produccions do alumnado, intercambios orais co alumnado. INSTRUMENTOS: Diario de clase, caderno de clase, escalas de observación,	CCEC, CSC

						posta en común.	
REC-B3.1	1º-RECB3.1.2 - Valora e respecta a familia de Xesús a semellanza sa súa.	Respecta a familia de Xesús.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, análise de produccions do alumnado, intercambios orais co alumnado.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase, caderno de clase, escalas de observación, posta en común.</p>	CSC
REC-B3.2	1º-RECB3.2.1 - Nomea e asocia, lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús.	Relaciona lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, análise de produccions do alumnado, intercambios orais co alumnado.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase, caderno de clase, escalas de observación, posta en común.</p>	CCEC, CSC
REC-B3.3	1º-RECB3.3.1 - Nomea e secuencia representacións gráficas	Asocia representacións gráficas cos momentos esenciais da pasión, morte e resurrección de		X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, análise de produccions do alumnado, intercambios orais co</p>	CCEC, CSC

	dos momentos esenciais da paixón, morte e resurrección de Xesús.	Xesús.				alumnado. INSTRUMENTOS: Diario de clase, caderno de clase, escalas de observación, posta en común.	
REC-B4.1	1º-RECB4.1.1 - Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia.	Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, análise de producións do alumnado, intercambios orais co alumnado. INSTRUMENTOS: Diario de clase, caderno de clase, escalas de observación, posta en común.	CSC
REC-B4.2	1º-RECB4.2.1 - Expresa o respecto ao templo como lugar sagrado.	Respecta o templo como lugar sagrado.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, análise de producións do alumnado, intercambios orais co alumnado. INSTRUMENTOS: Diario de clase, caderno de clase, escalas de observación, posta en común.	CSC, CCEC

REC-B4.3	1º-RECB4.3.1 - Coñece e expresa o sentido do domingo.	Coñece o sentido do domingo			X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, análise de producións do alumnado, intercambios orais co alumnado.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase, caderno de clase, escalas de observación, posta en común.</p>	CSC, CCEC
----------	---	-----------------------------	--	--	---	---	--------------

4. OBXECTIVOS POR CURSO.

- Observar e interiorizar a beleza da natureza como creación de Deus que deben respectar e coidar as persoas na súa vida diaria.
- Coñecer a figura de Deus como Pai recoñecendo a súa bondade.
- Descubrir no mundo que nos rodea o amor de Deus ao home a través da Creación e da natureza.
- Coñecer a relación de Abrahan e Moisés co noso Pai Deus.
- Realizar dramatizacións, actividades... a partir dalgunhas parábolas de Xesús para dar a coñecer a súa mensaxe e o seu ensino.
- Identificar os valores que rodean as ensinanzas de Xesús e aplicarlas á vida.
- Tomar conciencia de que Cristo nos mostra o seu amor, morrendo por nós, perdoándonos e enviándonos o seu Espírito.
- Coñecer e valorar a Igrexa como familia dos Fillos de Deus.
- Valorar o domingo como día do Señor e festexalo.
- Coñecer a vida da Virxe María como Nai Nosa e Nai de Deus.
- Descubrir a vida eterna e valorala como regalo de Deus.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS:

Dados os diferentes escenarios que poidan xurdir, botaremos man da Aula virtual, páxina web do cole, correos electrónicos e wasapas das familias, por se en algún momento as clases non se poidan facer completamente presenciais (nas que teremos en conta a distancia de seguridade dos alumnos entre eles a hora de realizar calquera tarefa sexa individual ou grupal. A metodoloxía basearase na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. Será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestaremos atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestaremos atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, diariamente os alumnos/as adicarán un tempo á lectura.

A intervención educativa terá en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaremos actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Impartirase de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.

Teremos en conta ademais:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas, mobilizando os coñecementos previos, e a memorización comprensiva.
- Posibilitar situacións de aprendizaxes motivadoras, que teñan sentido para o alumno.

Na nosa práctica docente incidiremos nos seguintes principios:

- Metodoloxía activa, buscando a integración dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición das aprendizaxes.
- Motivación, partindo dos intereses, demandas e necesidades do alumnado.

- Fomento das actividades grupais, co fin de adquirir competencias relacionadas co dominio emocional e habilidades sociais que favorezan o diálogo, a escoita, a cooperación e a confrontación de opinións, promovendo as actitudes de respecto.
- Utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos novos contidos.
- Fomentar as actividades básicas e instrumentais, imprescindibles e funcionais, seleccionando aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias.
- Gradación das actividades: garantir uns mínimos para todos e na medida do posible, desenvolver as potencialidades de cadaquén.
- Facilitar e promover a transferencia de coñecementos lingüísticos desde a lingua materna á outra lingua oficial.
- Flexibilidade no tratamento de materias e sesións, procurando non romper un ritmo de traballo e aproveitar situacións educativas que se produzan na aula.
- Autonomía na aprendizaxe: procurar que o alumno aprenda a aprender, participando na planificación e na toma de decisións sobre a aprendizaxe.
- Coherencia na transición entre niveis, reforzando contidos aprendidos no curso anterior, e abrindo novos horizontes cara o vindeiro.

A metodoloxía específica de cada área será concretada nas programacións de aula respectivas.

As actividades, exercicios e tarefas especificaranse na programación de aula.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.

- Recursos materiais: funxibles: lápices, cartulinas, cola, regra, tesoiras...; específicos: corpos xeométricos, regretas, reloxos, xogos de moedas e billetes, ábacos...; de consulta: láminas, posters, libros, prensa, revistas...; novas tecnoloxías: ordenador, recursos interactivos...
- Recursos persoais: contaremos co apoio na aula dos mestres con dispoñibilidade horaria. Nos casos necesarios a mestra PT e a de AI sacarán da aula para traballar cos alumnos/as que o precisen.

O **libro de texto** empregado en 1º de primaria para o curso 2020-21 será da Editorial Anaya- Aprender é medrar en conexión en galego.

Seguiremos as indicacións do Protocolo COVID-19 á hora do seu uso e mantemento.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

A avaliación é unha actividade que forma parte do proceso educativo guiándoo e reconducíndoo. Tendo en conta:

- A Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado na Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia,
- A Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relación entre competencias, contidos e criterios de avaliación na Educación Primaria,
- O Decreto 105/2014, de 4 de setembro polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia,

A avaliación que levarei a cabo ó longo do proceso educativo será global e continua.

A principal técnica de avaliación que utilizarei será a observación directa do proceso de aprendizaxe dos alumnos/as, así como do proceso de ensinanza. A información será recollida mediante fichas de rexistro e rúbricas. Outro tipo de avaliación que se levará a cabo será a autoavaliación ó final de cada unidade xa que é indispensable para lograr que o alumnado acade certa autonomía e se implique responsablemente no proceso de aprendizaxe, ademáis de que elabore xuízos e criterios persoais.

Ó longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe, a avaliación levarase a cabo en tres momentos diferenciados:

- Avaliación inicial: o fin é coñecer as ideas previas, capacidades e actitudes do alumnado.
- Avaliación continua ou formativa: que permitirá adecuar o proceso educativo ás necesidades dos alumnos/as.
- Avaliación sumativa ou final: o obxectivo será comprobar o grado de aprendizaxe dos contidos por parte dos alumnos/as.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CORRECCIÓN
Terase en conta o desenvolvemento das competencias e estándares concretos.	Probas orais e/ou escritas. Probas físicas e auditivas en áreas específicas.	Nas probas escritas outorgarase unha puntuación a cada apartado e darase a coñecer ó alumnado. Nas probas orais empregaranse rúbricas que establecen os indicadores a ter en conta e farase partícipes destes ós alumnos/as.

Avaliarase o traballo diario, o esforzo, participación, responsabilidade no traballo...	Observación directa, cadernos de aula, actividades desenvolvidas na aula, portfolio tarefas e proxectos...	Cada tipo de tarefa (segundo sexa escrita, oral, individual ou en grupo...) terá asignados uns indicadores a avaliar.
Normas, comportamento.	Observación directa.	

Criterios de cualificación:

-50 % da nota: probas de adquisición e dominio de contido que se realizarán para cada avaliación. Calcularase a nota media ponderada das cualificacións obtidas en todas as probas realizadas durante a avaliación.

-40% nota: valorarase a realización das actividades propostas; contestación aos exercicios prácticos; participación en traballos de grupo; debates; e a actitude cara a materia, aos compañeiros e aos mestres.

Criterios de promoción:

O alumno ou a alumna accederá ao curso seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ó curso realizado e que acadou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do mestre titor.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Procedementos para avaliar a propia programación.

A fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso avaliaranse os seguintes indicadores:

PROGRAMACION DIDÁCTICA	ÓPTIMA	BOA	MELLORABLE	MALA
INDICADORES DE LOGRO:				
A adecuación dos obxectivos ás características e necesidades do alumnado foi:				
A adecuación dos contidos ás características e necesidades do alumnado foi:				
A adecuación dos criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado foi:				
As aprendizaxes conseguidas polo alumnado foron:				

As medidas ordinarias de atención á diversidade dentro da aula foron:				
As medidas de atención á diversidade para o alumnado con graves dificultades foron:				
A programación didáctica e o seu desenvolvemento foi:				
A organización da aula para desenvolver a programación e favorecer un clima de traballo axeitado foi:				
O aproveitamento de recursos dispoñibles no centro e no entorno para desenvolver as programacións foi:				
Os procedementos de avaliación do alumnado foron:				
A coordinación do profesorado de cada nivel foi:				
A coordinación do profesorado entre os diferentes niveis/etapas foi:				
A coordinación do profesorado do nivel coas familias foi:				

Teremos en conta as indicacións do Protocolo COVID-19, e no caso de que non poda ser presencial avaliarase segundo os traballos dos rapaces que envíen.

Indicadores de logro para a práctica docente.

Empregando **indicadores de logro**, estableceremos os aspectos a valorar, para analizar e mellorar a nosa labor docente. Deste xeito, poderemos reconducir o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Estes indicadores valoraranse ó concluir cada unidade didáctica:

PROGRAMACION DIDÁCTICA	ÓPTIMA	BOA	MELLORABLE	MALA
INDICADORES DE LOGRO:				
A adecuación dos obxectivos ás características e necesidades do alumnado foi:				
A adecuación dos contidos ás características e necesidades do alumnado foi:				
A adecuación dos criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado foi:				
As aprendizaxes conseguidas polo alumnado foron:				
As medidas ordinarias de atención á diversidade dentro da aula foron:				
As medidas de atención á diversidade para o alumnado con graves dificultades foron:				

A programación didáctica e o seu desenvolvemento foi:				
A organización da aula para desenvolver a programación e favorecer un clima de traballo axeitado foi:				
O aproveitamento de recursos dispoñibles no centro e no entorno para desenvolver as programacións foi:				
Os procedementos de avaliación do alumnado foron:				
A coordinación do profesorado de cada nivel foi:				
A coordinación do profesorado entre os diferentes niveis/etapas foi:				
A coordinación do profesorado do nivel coas familias foi:				

9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS A ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS RESULTADOS.

Ao comezo do novo curso realizaremos unha avaliación inicial a cal nos permitirá saber cales son os coñecementos previos do alumnado e a adquisición das diferentes competencias básicas. Deste xeito poderemos partir deles á hora de levar a cabo a nosa práctica educativa e avanzar cara a adquisición dos novos coñecementos. Esta proba avaliarán contidos referidos a matemáticas, lingua castelá e lingua galega.

Na área de matemáticas avaliaremos nocións espacio-temporais, aspectos cuantitativos (cantidade, medida...) e cualitativos (identificación de atributos, clasificacións, seriacións...).

Nas áreas de lingua avaliaremos a expresión e a comprensión.

Se algún alumno presentase dificultades en algunha competencia ou non acadase os obxectivos para poder continuar no novo curso valorarase a posibilidade de recibir o apoio das especialistas en audición e linguaxe ou de pedagogía terapéutica.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Entre as medidas indicadas consideraranse as que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os mecanismos de reforzo, poñeranse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario ou as adaptacións do currículo.

A identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible. Así adoptaremos as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería competente en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

Os plans de actuación, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais, que lle corresponde adoptar á consellería competente en materia de educación, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o daquel alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

A escolarización do alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo, ao que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico. Quen presente un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. No caso de superar ese desfasamento, incorporárase ao curso correspondente á súa idade.

Para o alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo adoptaremos as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfasamento e que lle permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.

Entre as medidas de carácter xeral establécense as seguintes:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Metodoloxía que ten en conta o traballo colaborativo e que promova a inclusión.
- Adaptación, se fora o caso, dos instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Reforzo educativo (medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos de alumnos e ao todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía. *Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regula as adaptacións do currículo*) e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Programas de recuperación.
- Programas de habilidades sociais.

Medidas específicas e excepcionais:

-Adaptacións curriculares: (Modificación dun ou de máis elementos prescriptivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno ou alumna motivada tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais. *Orde do 6 de outubro do 1995*)

-Agrupamentos flexibles:(“Así mesmo poderase constituír con carácter temporal, agrupamentos flexibles como medida de apoio para o alumnado con dificultades de aprendizaxe de carácter esencial, que deberán contar coa correspondente autorización da inspección educativa ou da delegación provincial”Orde do 27 de decembro de 2002, Artículo 18°).

-Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe: (As intervencións específicas que sexan precisas por parte dos profesores especialistas de pedagogía terapéutica ou de audición e linguaxe serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación, do que forman parte en colaboración co titor do grupo ao que pertence o alumno. Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto co resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que estan debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá a teceira parte da xornada escolar” *Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado do ensino non universitario con necesidades educativas especiais. Artículo 19°*)

-Flexibilización da duración do período de escolarización.

-Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

-Grupos de adquisición das linguas.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Neste curso escolar 2017-2018 realizaremos algunha saída que iremos propoñendo en cada trimestre.Traballaremos a nivel de aula e/ou centro, as efemérides que aparecen no calendario escolar para o curso académico 2017-2018(recollidas na PXA).

Ademáis destas actividades programadas, posiblemente xurdirán novas actividades, previsiblemente ofertadas polo Concello e/ou outras organizacións.

A celebración das actividades que afectan a toda a Comunidade Escolar son:

1º Trimestre: Día das Bibliotecas Escolares (outubro), Samaín (outubro), Magosto (novembro), Nadal (21 de decembro).

2º Trimestre: Día da Paz (xaneiro), Entroido (febreiro), día Internacional da Muller Traballadora (marzo), semana da prensa.

3º Trimestre: Semana do libro, Letras Galegas.

Polo que respecta ás actividades **extraescolares**, destacamos:

- As actividades levadas a cabo polo Concello, ANPA, asociacións deportivas.

12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

A fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso avaliaranse tanto a práctica docente

como o proceso de ensino:

Práctica docente:

- Organización e coordinación do equipo: Grao de definición. Distribución de responsabilidades.
- Participación: ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Proceso de integración no traballo. Relación e implicación dos pais. Relación entre os membros da comunidade educativa.

Proceso de ensino:

- Planificación de tarefas: Dotación de medios e tempos. Distribución de medios e tempos.
- Selección do modo de elaboración.

Avaliación da programación:

- Desenvolvemento na clase da programación.
- Relación entre obxectivos e contidos.
- Adecuación de obxectivos e contidos cas necesidades reais.
- Adecuación de medios e metodoloxía cas necesidades reais.

A avaliación será continua; revisarase trimestralmente os anteriores indicadores para realizar as modificacións oportunas